



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 09/2011

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u></b> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D. Manuel Pavón López. D<sup>a</sup> Mercedes Josefina González Alonso. D<sup>a</sup> María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María García Rivera. D. José Ramón Val Alonso. D<sup>a</sup> Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D<sup>a</sup> Ana María López Campoamor. D<sup>a</sup> María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D. M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do oito de setembro de 2011, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria solicitada polo grupo político PS de G-PSOE prevista para o día de hoxe, e de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	---

#### 1.- A RETIRADA DURANTE 12 HORAS AO DÍA DA AMBULANCIA DO 061 QUE PRESTA OS SEUS SERVIZOS NO CONCELLO DE FOZ.

Pola Secretaria dáse lectura ao escrito presentado polo grupo socialista para a convocatoria do Pleno extraordinario e que obra no expediente.

Toma a palabra o Sr. García Rivera para explicar o motivo do Pleno e di que teñen dereito a solicitar os Plenos extraordinarios que concede a lei e o Pleno non sería necesario se se atendese a pregunta que xa se fixo ao Alcalde no Pleno ordinario anterior, de se tiña noticias de que ían producir recortes sanitarios en Foz, á que o Alcalde respondeu que non tiña constancia diso. Exclama que é increíble que o equipo de goberno non supera nada fai corenta días e a oposición si, a pesar de ter no equipo de goberno un médico que traballa no Centro de Saúde, que é, ademais, Primeiro Tenente de Alcalde. O PP acadou o 34,06 % dos votos nas últimas eleccións municipais, é dicir, 2141 votos, e o conxunto da oposición acadaron, no seu conxunto, o 63,56 % dos votos. Cando hai problemas de redución o Sr. Alcalde dálle o visto bo á Consellería. O equipo de goberno ten que comprender que teñen que defender todos a capa e espada o conseguido e non dar un paso a atrás no concernente á sanidade; os programas electorais falan de conseguir mais servizos. Di que sabe ben as melloras que se produciron en materia sanidade, xa que lle tocou vivilas, coma a ampliación do servizo de urxencias, odontoloxía, fisioterapia, recuperación, etc., pero non é menos certo que se fracasou no PAC



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

para Foz, petición que se fixo por tódolos grupos políticos. Manifesta que, tras unha reunión mantida co resto de grupos políticos que compoñen o Pleno, xa que viron que o goberno estaba paralizado, consensuaron a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Rexeitar a decisión da Consellería de Sanidade de eliminar os servizos nocturnos da ambulancia asistencial do 061 con base no noso Concello.

**Segundo.-** Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que se manteña o servizo de ambulancia asistencial tal e coma estaba funcionando ata agora, é dicir, as 24 horas do día.

Continúa dicindo que lamenta que non o convocase para o día un de setembro, coma se poñía no escrito de solicitude do pleno extraordinario presentado polo seu grupo.

O portavoz de UNIFOZ expresa que quere empezar sendo crítico co Sr. Alcalde, porque o seu grupo presenta o 14 de agosto unha serie de preguntas relacionadas co tema que se está a tratar e non se lles contestou, incumprindo a lexislación vixente. Cre que o equipo de goberno está de vacacións, porque o normal nese tema houbera sido que o equipo de goberno e o Alcalde xuntaran aos portavoces para explicar o que lle dixeron e o que ía pasar, e iso denota que está de vacacións, ou que hai pouco talento, de consenso ou que hai poucas gañas de dar información. Considera que é momento de consenso e de recuperar a confianza política dos cidadáns, e sobre no tema sanitario, pero UNIFOZ quere ter un discurso coherente e por iso van coincidir co que acaba de dicir o portavoz do PSOE en relación aos puntos da orde do día do Pleno. Di que lle gustaría incluír no acordo que se lle dea traslado do mesmo aos Concellos de Ferreira do Valadouro e Barreiros porque entende que eses veciños están afectados de igual xeito que os de Foz.

O portavoz do BNG manifesta que suscribe o acordo tomado cos outros partidos e di que quere realizar dúas puntualizacións. En primeiro lugar, que se está ante un ataque sen precedentes contra o estado do benestar, os partidos coa crise aprovéitanse para reducir os servizos públicos ao mínimo e abrir as portas á privatización. A base dos servizos sociais está na sanidade e na educación e calquera redución supón un ataque. Polo que considera que todos os partidos, e non só de palabra, deberían estar de acordo, polo ben do conxunto social, pero parece que o PP na Xunta non está a defender iso. En segundo lugar, di que non sabe que ten o PP na Xunta que cando goberna resulta que a Foz tócalle pandar, así pasou co PAC, despois Ribadeo e Viveiro quedan como cabeceira de Comarca e agora cos centros de día e residencias de anciáns. No caso da ambulancia non só perde Foz, Ferreira e Barreiros, senón que perde toda a Mariña. Explica que levaba sesenta saídas no mes de xuño no servizo nocturno, e tiña un tempo máximo asegurado de dez minutos e agora a medicalizada non pode cubrir o servizo do 061 porque está máis especializada, para casos máis urxentes, ademais esa é para toda a Mariña, aínda que teña a base en Foz. Os servizos que queren eliminar é algo moi negativo para Foz. Recorda que o Sr. Alcalde saía contento da reunión da Consellería e contento non se pode saír cando lle están reducindo a un Alcalde os servizos para o seu pobo. Chama á reflexión ao PP de Foz para que pida que se manteña a ambulancia e non só apoie o que se pide neste punto, senón tamén no seguinte.

O Sr. Alcalde da as grazas aos tres portavoces polo ton moderado que se está presentando nese Pleno. Di que entende a preocupación dos veciños, pero non a postura dos grupos políticos. Explica que dende hai trece meses A Mariña dispón dunha ambulancia medicalizada, pero antes había cinco ambulancias asistenciais funcionando en rede; e hai trece meses Nuñez Feijoo pon unha ambulancia medicalizada con base en Foz, o que significa unha ambulancia con facultativos para atender as emerxencias, coa reorganización quedan 4 ambulancias asistenciais e unha ambulancia medicalizada e outra ambulancia medicalizada a



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

medio turno, polo que se hai trece meses non había problema ningún coas ambulancias en Foz pregunta como agora non se pode estar de acordo. Explica que hai que darse conta que dende a Xunta están dicindo que non vai influír nos tempos de actuación, xa que para o día hai os mesmos recursos que para a noite e sendo menos os servizos de noite. Di que o mais importante é que hai unha ambulancia medicalizada que cubre emerxencias vinte catro horas, cuns facultativos especializados. Dende xaneiro ata o 25 de agosto as ambulancias que teñen base en Foz fixeron 243 servizos á noite de emerxencias graves, unha media de un por noite, e a asistencial que se reduce fixo 167 traslados non graves. Di que hai que facer incidencia nas emerxencias graves, e aí se está mellor que nunca, porque hai unha ambulancia medicalizada que cubre eses servizos; aparte o 061 dispón de moitos medios, porque pode mobilizar outras ambulancias, por exemplo a asistencial a pode mobilizar á noite, medios aéreos e, incluso, medios coordinados con centros, coma por exemplo con Alcoa. Dille aos veciños que o seu Alcalde os vai a defender sempre que os seus intereses sexan danados e se compromete a que se efectivamente hai unha baixa nos servizos vai a ser o primeiro en reclamálos, pero nos tempos que se está, cun estado de benestar insostible, ao borde do rescate, con todo o que se despilfarrou e que agora hai que optimizar eses recursos que tanto costa aos galegos e aos focenses. Finaliza a súa intervención, manifestando que o PP vai estar sempre con esas Administracións que traten de optimizar tódolos recursos e se se danan dereitos aí van a estar eles.

Intervén o Sr. García Rivera para replicarlle ao Sr. Alcalde que está vivindo no mundo da pobreza, do servilismo e que non está en Foz, e preguntalle quen lle vai crer todo iso que acaba de dicir. O problema é a medicalizada, que xa quixeron quitar hai tempo; o seu grupo sabe como funciona a medicalizada, que vai ata A Coruña, incluso, e cando está alí non esta en Foz. Dille ao Sr. Alcalde que é sumiso ao que lle din no partido. Recorda que o día anterior houbo un accidente en Ribadeo e acudiron tres ambulancias, se pasase en Foz igual non había ningunha. Continúa manifestando que en sanidade, ao mellor, medio minuto pode ser unha vida. Di que o Alcalde manifestou que se comprometía a reclamar cando as cousas fosen mal e iso é tarde. Aínda ven detrás o médico de urxencias, que igual hai que recorrer á xustiza, porque hai un Decreto asinado da Consellería. Continúa dicindo que o primeiro que ten que facer o PP, que fixo un mausoleo co Gaiás, coma se ese fose o centro cultural de Santiago cando é a Catedral, é vendelo e atender á sanidade e á educación e aos servizos sociais. Dille ao Sr. Alcalde que el segue defendendo a aqueles señores, que el coñece ben a historia, pero non fai coma fixeron outros Alcaldes do PP; pero se segue así igual deixa pronto de ser Alcalde, porque o que está facendo non é de recibo.

Toma a palabra o Sr. Cancio para expresar que o Sr. Alcalde segue tarde e mal, e agora está no Pleno para convencerlles, segundo di parece que interesará mais poñerse enfermo de día que de noite. Di que se resulta que a medicalizada púxose para mellorar o servizo, non para adornar, pero resulta que alguén agora pensa que sobra, gustaríalle que o Sr. Alcalde lle dixera se con esa medida melloran ou empeoran. Tamén lle di que debería poñerse no fronte desa loita no lado dos veciños e ofrécese a ir con el a Santiago, ou a onde sexa. Pregúntalle que se durante quince días ninguén vai visitar ao Alcalde é que sobra. Respondese que non, pois da mesma maneira os medios teñen que estar aí para cando se necesiten. Finaliza a súa intervención dicindo que é certo que hai que recortar, pero que se empece polos asesores ou polo Gaiás.

O Sr. González Basanta di que o primeiro que lamenta é que o PP non se sumase a esa oposición a que quiten os servizos. Exclama que antes tiñan uns servizos e agora non os van ter e iso é impepinable. Recórdalle ao Sr. Alcalde que aínda non lle respondeu a como pode o PP asegurar o tempo máximo de actuación en dez minutos e di que se llo explica cala a



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

boca. Puntualiza que si se fala de recursos ociosos, coma se refire o Sr. Alcalde, entón o son todos, o que se trata é de ampliar, non de reducir. Por último, recalca que deberían estar todos unidos neso.

O Sr. Alcalde di que Xaime Cancio falaba de vacacións, cando veu el delas, lle di que é inconcebible que lle estea chamando a atención cando o equipo de goberno estivo alí tódolos días e chamouno por teléfono para que esperara a que regresara das vacacións para poñer o Pleno. Di que do que se trata é de optimizar os servizos, polo que se está moio mellor que hai trece meses. Explica que o que non pode facer no momento é botarse enriba dunha Administración que está tratando de optimizar uns recursos., cando eses recursos son ociosos, xa que estaban parados, durmindo. Sinala que el quixera tr sete ambulancias, pero a situación pide optimización de recursos. Aclara que non hai traslados intrahospitalarios de noite, fanse de día, pero que están no de sempre, xa que o debate sanitario en Foz enquistouse fai tempo, do que teñen culpa todos os partidos políticos por facer falsas promesas que despois non poden cumprir. Pídelle ao resto dos grupos políticos que deixen de facer demagogia, porque fan desmontar o hospital, fan quitar a área sanitaria de Burela, fan quitar a medicalizada no mes de abril, xa o Sr. Rivera se adiantara, e segue aí polas xestións que fixo o seu grupo, porque cren na medicalizada, porque é a que derradeiramente cubre as emerxencias. Recorda que tamén o Sr. Rivera dixo que os xenéricos causaban cancro nun artigo de prensa e agora parece que van moi ben porque a Ministra Pajín xa está de acordo. Pensa que son uns privilexiados, están a menos de dez minutos dun centro hospitalario, teñen un centro de saúde que atende ata as dez da noite, con turnos de mañá e de tarde, e médico e ATS de urxencias e teñen unha ambulancia medicalizada. As Administracións que traten de optimizar os recursos, sexa do partido que sexan, van a ter o seu apoio. Conclúe pedindo que deixen de facer demagogia.

Pide a palabra o Sr. Rivera, por alusións, para dicir que se alguén fixo algo pola sanidade foi o bipartito, que aumentou o centro de saúde, puxo servizo de urxencias, odontoloxía, puxo un ATS os domingos e o PP está descabalgando os servizos sanitarios en Foz. Aclara que el non dixo que os xenéricos puideran producir cancro.

O Sr. Alcalde di que está a hemeroteca.

O Sr. Rivera replícalle que lla saque, aclara que o que dixo foi que igual había xente que estaba enferma de cancro non toleraba os xenéricos, coma estaba demostrado, que é moi diferente a que os xenéricos producían cancro; sinala que, incluso, hai xente que vai coa receta médica e non lle dan medicamento e ten que pagalo do seu bolsillo. Expressa que quere que a sanidade quede coma está. Remata dicindo que foi o Sr. Alcalde o que se meteu con el.

O Sr. Alcalde di que alí non se meteu ninguén con ninguén.

Rematado o debate procédese á votación do punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 ( 4 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG).
- Abstencións: 5 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**Primeiro.-** Rexeitar a decisión da Consellería de Sanidade de eliminar os servizos nocturnos da ambulancia asistencial do 061 con base no noso Concello.

**Segundo.-** Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que se manteña o servizo de ambulancia asistencial tal e coma estaba funcionando ata agora, é dicir, as 24 horas do día.

### 2.- ESTADO DA SITUACIÓN SANITARIA ACTUALMENTE NO CONCELLO DE FOZ.

*Toma a palabra do Sr. García Rivera que da lectura á proposta de acordo, tal e coma segue:*

**Primeiro.-** Que se manteña o servizo de urxencias no Centro de Saúde do Concello de Foz tal e como veu funcionando ata a data de hoxe.

**Segundo.-** Que se convoque por parte do Concello de Foz unha concentración para o día 10 de setembro ás 12:00 horas no Centro de Saúde de Foz en defensa do mantemento dos servizos sanitarios do noso Concello. Que se faga cargo a Alcaldía deste Concello da loxística que conleva tal concentración, como: preparación de avisos aos cidadáns para que acudan á mesma, a colocación de carteis anunciadores, os avisos pertinentes na radio municipal cara a difundir entre a poboación a concentración anunciada anteriormente, e poñer o servizo de megafonía anunciando dita concentración os días: venres 9 de setembro, de 12:00 a 20:00 horas, e o sábado, 10 de setembro, de 10:00 a 12:00 horas.

**Terceiro.-** Solicitar unha xuntanza urxente da Consellería de Sanidade cos portavoces dos grupos municipais, coa participación na mesma do Alcalde-Presidente do Concello de foz, para tratar a situación sanitaria do Concello de Foz e manifestarlle a nosa oposición a calquera tipo de recorte en materia sanitaria.

Continúa dicindo que ese asunto para eles é importantísimo, xa que se trata dunha manobra para disfrazar e distraer e pasen os días e reducir os servizos sanitarios. Di que non comprende por que se eliminan servizos sanitarios en Foz non outros Concellos, por iso propoñen que o Sr. Alcalde tome a iniciativa e que vaia a Santiago, se quere o acompañan e se discute o asunto. Anuncia que o que vai pasar é que van poñer un médico de cupo, eliminarán as urxencias e logo cando haxa unha a mandarán a Burela. Exclama que non sabe coma o Sr. Alcalde ten a cara de non enfrontarse á Consellería e non lle vale coma argumento que non hai urxencias.

O portavoz de UNIFOZ dille ao Sr. Alcalde que lle decepciona, non só politicamente, senón persoalmente, por utilizar unha conversa telefónica nun debate político, o que de unha barriobaixeza incalculable. Di que se lle chamou era porque quería estar no Pleno e aclara que non estaba de vacacións, senón nunha viaxe cultural. Explica que cando se refire a que o equipo de goberno está de vacacións non quere dicir que non vaia ao Concello, quere dicir que existe unha falla de decisión política e de traballo, porque, por exemplo, estar de vacacións significa ter pechada a casa de cultura porque a persoa que traballa alí está de vacacións, ou non se presta o servizo de axuda a domicilio porque dúas persoas están de vacacións ou eliminar xa o servizo de socorrismo, o que nunca pasou nese Concello. Continúa dicíndolle que xa falarán noutro momento diso se é que ao Sr. Alcalde gústalle levar temas persoais ao Pleno. Di que non é tarde tomar a decisión de apoiar o asunto, resulta que cando foi a supresión do módulo de hostelería o Sr. Alcalde estivo acertado e apoiou ao pobo, e agora ten que poñerse



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

onde ten que poñerse e non se está poñendo, estase escondendo. No hospital loxicamente as paredes están, os quirófanos e os médicos tamén, pero estanse reducindo simultaneamente e por detrás, despaciño, reducións polo PP. Cre que a solución para Foz no tema sanitario pasa pola reforma do mapa sanitario. Manifesta que coincide plenamente coa a proposta consensuada do PSOE e espera que esa concentración sexa liderada polo equipo de goberno e polo Alcalde. O segue dicindo que el non ten moita experiencia nesa mesa, nada mais que dezaseis anos, pero está seguro que os veciños de Foz están cansados de dimes e diretes.

O Sr. González Basanta destaca a nocturnidade e alevosía con que actuou a Xunta ocultando o recorte, e aínda non se sabe moi ben o que vai ser, pero se ninguén o desminte, parece ser que van poñer un médico de cupo a atender unha urxencia. Pregunta que e resulta que unha persoa está no médico e chega unha urxencia, que fan con esa persoa, se o deixan horas, xa que unha urxencia pode levar horas. Afirmo que non se pode recortar en servizos públicos moi necesarios e coa saúde non se xoga. Expresa que deberían estar todos unidos. Por último, manifesta que se falsearon datos, porque se dixo que tiñan unha ou dúas urxencias, cando hai días que teñen mais, pero non se pode quitar un servizo por iso. Pídelle ao Sr. Alcalde que poña enriba da mesma o que vai facer o PP e coma vai quedar o servizo.

Contéstalle o Sr. Alcalde que os datos son os do 061 e que, evidentemente, pode haber urxencias un día, pero os medios teñen que ser os adecuados en función dos datos estimativos. Recorda que, facendo un servizo asistencial, nunca tivo que saír a medicalizada.

O Sr. González Basanta aclara u cando di un ou dous refírese ao médico de urxencias.

O Sr. Alcalde respóndelle que o tema do médico de urxencias saíu fai vinte días e non recibiu nese senso ningunha notificación, preguntou e lle dixeron que esa praza non está cuberta no organigrama. Continúa insistindo en que non ten ningunha noticia de que se vaia quitar o médico, o que van facer é reorganizar a estrutura do SERGAS e esa praza que estaba fora da estrutura hai que metela a través do cupo. Insiste en que non é cabezonería, senón que é a lóxica. Do que fala o Sr. Rivera de que se vai suprimir un médico non ten constancia. Insiste en que son uns privilexiados, xa que teñen un centro de saúde a dez minutos, unha ambulancia medicalizada, que non a teñen pobos mais grandes.

O portavoz do PSOE recórdalle ao Sr. Alcalde que dixo iso e que el di o que dixo el en Radio Foz. Pregunta por que se fixo iso e responde que ante as protestas que había polo PAC decidiuse que ante o colapso das urxencias de Foz, ademais as nais que teñen nenos pequenos e non dispuñan de un coche e evitar, así, que se deprañasen a Burela en épocas escolares. Insiste en que son xogarretas para recortar e o Sr. Alcalde segue erre que erre para tratar de dicir que non pasa nada; a realidade é que hai dous médicos de urxencias, profesionais coma a copa de un pino, e están con contratos de mes en mes, e esa xente xa é indefinida porque levan mais de dous anos traballando con contratos encadenados. Di que el, dende logo, poñeríase ao lado dos seus cidadáns. Recorda que no PAC fracasaron todos os grupos, pero quen mais fracasou foi o PP e dille ao Sr. Alcalde que o PP absterase, pero o seu grupo vai defender ao pobo, xa que o Alcalde está valorando mais á política que os temas sanitarios e manifesta que esta de acordo con D. Xaime Cancio respecto ao dos temas persoais, porque parécelle moi triste que o seu grupo pida un Pleno para o día un de setembro e resulta que se retrasou porque Xaime llo pediu.

O Sr. Alcalde replica que el non dixo iso.

O Sr. García Rivera insiste en que mire a gravación en Radiofoz.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra o portavoz de Unifoz que lle di ao Sr. Alcalde que cada vez asústalle mais, o que quere o PP é cargarse o xa deficitario servizo de urxencias de Foz. Espera que, a pesar de que o PP vai estar e vacacións, o Alcalde execute o acordo da Corporación. Engade que lle gustaría darlle felicitar ao PP se se sumase á proposta.

O portavoz do BNG contéstalle ao Sr. Alcalde que está caro que el mesmo deulle a razón cando dixo que hai vinte días non sabía nada, polo que a Xunta está aproveitando o mes de agosto para reducir os servizos. Di que o Alcalde non vai facer nada, porque no momento, que é cando hai que facer, non fai nada. Engade que non é normal que agora o PP vaia a falar da estrutura do SERGAS; non se está dando nada, porque o médico de cupo, se ven unha urxencia pola mañá terá que atendela porque é médico. Pídelle que non repita mais que son uns privilexiados por ter un médico de urxencias, xa que se trata de un dereito, non de un privilexio, e eses dereitos conseguíronse a base de moito esforzo, non o regalaron. Tamén lle pide que non fale de demagogia porque defender os servizos públicos e os dereitos dos veciños non é demagogia. Pide que conste en acta que se hai un acordo que di que o Concello ten que poñer os medios para convocar unha manifestación o Sr. Alcalde debe cumprilo.

Contéstalle o Sr. Alcalde que os acordos que se están tomando faranse. Di que no tema das vacacións xa non merece a pena entrar, xa que as probas están aí e cada un que pense o que queira. Respecto a que o principal culpable de que non haxa PAC en Foz fora o PP, recórdalle ao Sr. Rivera que el dixo que ía dimitir se non saía o do PAC e seguiu aí amarradiño.

O Sr. García Rivera contesta que si, pero se din cousas, tamén o Sr. Basanta dixera algo en relación ao PAC.

Continúa dicindo o Sr. Alcalde que se van cubrir cos mesmos tempos as urxencias. O tema do médico á tarde non ten razón de ser, e dirixíndose ao Sr. García Rivera dille que efectivamente está moi documentado sobre o tema dos prazos de dous anos, porque xa lle pasou moitas veces, de feito agora o Concello ten que readmitir a unha persoa, porque contrataba e contrataba e despois de tres anos fixos e o hai agora mesmo no Concello de Foz. Di que no que interesa a todos os focenses alí vai estar o seu Alcalde para defendelos; hai vintecatro horas cubertas en caso de emerxencias, hai en toda A Mariña catro ambulancias mais a ambulancia asistencial doce horas; durante a noite hai tres veces menos de servizos, pero está cuberto perfectamente. Di que van a dar unha marxe de confianza porque cren que non se trata dun recorte, senón dunha optimización e hai moita xente que se pasa os turnos durmindo e os datos están aí.

Pide a palabra o Sr. García Rivera por alusións.

O Sr. Alcalde dille que ten dous minutos.

O Sr. García Rivera dille ao Sr. Alcalde que sempre ten que meter temas, para buscalo, pero non o vai a encontrar, o encontrará sempre na concordia e na tranquilidade. Explícalle que se hai xente que gaña nos xulgados as súas prazas ningún alcalde está capacitado para prohibirille presentarse ás prazas; a culpa a ten a Xunta, que subvenciona as prazas e o que debe facer o Sr. Alcalde é reclamar contra a Xunta, coma noutras Comunidades Autónomas, que xa se abriron as portas. Dille que é autoritario, que ese día a xente na praia da Rapadoira deulle pena porque xa non hai socorristas e o que pasa é que non soubo negociar cos socorristas porque é autoritario. Respecto á sanidade a conclusión é que o Sr. Alcalde está contento e feliz con coma vai quedar todo.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde di que os socorristas estiveron alí reunidos e que se opuxeron porque con o Sr. Rivera estaban contartados 35 horas e facían 45.

O Sr. García Rivera dille que comezaron o 15 de xullo, o que hai que ter é man esquerda, porque hai que negociar e preguntalle se se compromete a realizar os acordos.

O Sr. Alcalde contéstalle que si.

Rematado o debate procédese á votación do punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 ( 4 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG).
- Abstencións: 5 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Que se manteña o servizo de urxencias no Centro de Saúde do Concello de Foz tal e como veu funcionando ata a data de hoxe.

**Segundo.-** Que se convoque por parte do Concello de Foz unha concentración para o día 10 de setembro ás 12:00 horas no Centro de Saúde de Foz en defensa do mantemento dos servizos sanitarios do noso Concello. Que se faga cargo a Alcaldía deste Concello da loxística que conleva tal concentración, como: preparación de avisos aos cidadáns para que acudan á mesma, a colocación de carteis anunciadores, os avisos pertinentes na radio municipal cara a difundir entre a poboación a concentración anunciada anteriormente, e poñer o servizo de megafonía anunciando dita concentración os días: venres 9 de setembro, de 12:00 a 20:00 horas, e o sábado, 10 de setembro, de 10:00 a 12:00 horas.

**Terceiro.-** Solicitar unha xuntanza urxente da Consellería de Sanidade cos portavoces dos grupos municipais, coa participación na mesma do Alcalde-Presidente do Concello de foz, para tratar a situación sanitaria do Concello de Foz e manifestarlle a nosa oposición a calquera tipo de recorte en materia sanitaria.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 15 minutos do oito de setembro de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº

O Alcalde,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.